Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para informar **"do inicio do curso 2023-24 no ensino non universitario de Galicia".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: REXISTRO-aJCb7T5m-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 19/09/2023 09:25:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59971
Data envío: 19/09/2023 09:26:12.166

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:25:50**

CSV: REXISTRO-aJCb7T5m-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

2.2 58930(11/CPP-000137)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar da dotación docente, do número de centros e
unidades e da situación da educación pública en xeral neste inicio de curso

*Publicación da iniciativa, 557, 07.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 58930
Data envío: 04/09/2023 15:01:07.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, para que dea conta da situación da educación pública neste inicio de curso (redución de profesorado, peche de centros, redución de unidades,...).

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Rosana Pérez Fernández**

**Cristina Fernández Davila**

**Mª Carmen Aira Díaz**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

CSV: REXISTRO-BUmjIYr9c-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 58930
Data envío: 04/09/2023 15:01:07.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez**

**Diego Lourenzo Moura**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2023 14:57:26**

**Cristina Fernández Davila na data 04/09/2023 14:57:43**

**Diego Lourenzo Moura na data 04/09/2023 14:57:49**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/09/2023 14:57:56**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/09/2023 14:58:03**

**Rosana Pérez Fernández na data 04/09/2023 14:58:11**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 04/09/2023 14:58:20**

CSV: REXISTRO-BUmjIYr9c-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 58930
Data envío: 04/09/2023 15:01:07.754

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López na data 04/09/2023 14:58:30**

**Iria Carreira Pazos na data 04/09/2023 14:58:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2023 14:58:48**

**Daniel Castro García na data 04/09/2023 14:58:57**

**María del Carmen Aira Díaz na data 04/09/2023 14:59:07**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2023 14:59:18**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2023 14:59:26**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2023 14:59:34**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2023 14:59:42**

**Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2023 14:59:57**

**Paulo Ríos Santomé na data 04/09/2023 15:00:05**

**Carmela González Iglesias na data 04/09/2023 15:00:16**

CSV: REXISTRO-BUmjlYr9c-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3. Mocións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.1 59873(11/MOC-000173)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57411, publicada no BOPG núm. 547 do 21 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)

*Publicación do acordo, 565, 20.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 18:29:38
Nº Rexistro: 59873
Data envío: 14/09/2023 18:29:38.943

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de setembro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude (doc. núm **57411**, [**11/INT-002683**]).

**Moción**

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1.- Incoar, con carácter inmediato e urxente, un procedemento de investigación sobre a existencia de comunicacións previas e irregulares da data na que a inspección de servizos sociais visitaría centros de maiores e discapacidade.

2.- Mellorar a organización e medios materiais, así como incrementar o cadro de inspectores/as de servizos sociais, recuperando, asemade, o sistema de visitas seguido durante o primeiro semestre de 2023 que permitía que só a inspectora actuante coñecera con antelación o centro a inspeccionar.

3.- Remitir ao Parlamento, antes da finalización do actual período de sesións, informe relativo aos procedementos administrativos de penalidades tramitados nos últimos 5 anos, con indicación da resolución adoptada en cada caso.

4.- Informar ao Parlamento das resolucións sancionadoras firmes impostas nos últimos dez anos, con indicación da tipificación da infracción e da sanción imposta e, no

CSV: REXISTRO-1ySre6AvQ-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu caso, satisfeita, así como das resolucións acordando o arquivo do procedemento por prescrición da infracción ou caducidade de procedemento.

5.- Dar cumprimento ao artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza e remitir de inmediato a información solicitada por esta canle.

6.- Incrementar os cadros de persoal de atención directa nos centros socio-sanitarios ate superar os rateos mínimos actualmente vixentes."

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputado do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 18:28:43**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2023 18:28:57**

CSV: REXISTRO-1ySre6AvQ-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.2 59886(11/MOC-000174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 58114, publicada no BOPG núm. 552 do 30 de agosto de 2023, e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)

*Publicación do acordo, 565, 20.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2023 12:33:04
Nº Rexistro: 59886
Data envío: 15/09/2023 12:33:04.906

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de setembro, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria (doc. núm **58114**, [**11/INT-002710**]).

**Moción**

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Aumentar no orzamento da Xunta para 2024 a contía destinada a Atención Primaria en como mínimo o 25% para poder chegar no prazo de catro anos ao 25%, excluído o gasto farmacéutico, do total destinado a sanidade.

2.- Presentar no prazo máximo dun mes un informe no Parlamento coa seguinte información:

- Relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir.

- Número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura.

- Número de galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello.

-Número de profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías.

CSV: REXISTRO-pBLbgdC2z-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais

- Número medio de doentes que están atendendo cada día.

- Porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías.

3.- Rematar coa derivación permanente de recursos públicos cara a sanidade privada, tomando todas as medidas para que a rede pública teña os recursos precisos tanto materiais como humanos para atender a demanda existente, a empezar por ter operativos en horario de mañá e tarde todos os recursos dos que dispón o Sergas, aparatos diagnósticos, camas, quirófanos..

4.-Rectificar a decisión de pagar o complemento por dedicación exclusiva @s profesionais que desenvolvan a súa actividade na sanidade pública e na privada, e polo tanto só establecer a mesma para o persoal médico que traballa exclusivamente na Sanidade Pública."

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-pBLbgdC2z-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2023 12:33:04
Nº Rexistro: 59886
Data envío: 15/09/2023 12:33:04.906

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores  na data 15/09/2023 12:32:15**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2023 12:32:24**

CSV: REXISTRO-pBLbgdC2z-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 59901(11/MOC-000175)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 57593, publicada no BOPG núm. 551, do 25 de agosto de 2023 e debatida na sesión plenaria do 12 de setembro de 2023)

*Publicación do acordo, 565, 20.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2023 10:00:00
Nº Rexistro: 59901
Data envío: 15/09/2023 20:04:49.109



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da súa deputada **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 12 e 13 de setembro do 2023, sobre a programación das inspección aos centros de atención residencial (11/INT-002686, doc. núm. 57593)

**Moción**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar significativamente o persoal inspector de servicios sociais (nomeadamente os que inspeccionan centros de maiores e discapacidade) da Xunta de Galicia, para chegar como mínimo á porcentaxe da media estatal.
2. Realizar unha investigación exhaustiva sobre o funcionamento completo do sistema de inspección no ámbito dos Servizos Sociais de Galicia e presentar os resultados ao Parlamento de Galicia. Esta investigación deberá abordar diversos aspectos, como a identificación de casos nos que prescribiran faltas debido á falta de tramitación ou ao vencemento de prazos nos expedientes sometidos a inspección. Asimismo, deberase analizar se se cualificou como falta leve algún incumprimento que estivese tipificado como falta grave, investigar a existencia de informes e/ou discusións en reunións, incluíndo as de coordinación, relacionados con posibles filtracións das visitas de inspección e recoller datos sobre a carga de traballo de cada inspector, así como a cantidade de quilómetros percorridos por cada un, entre outros aspectos relevantes. Os resultados desta investigación deberán ser presentados ao Parlamento de Galicia para a súa avaliación e consideración.
3. Incrementar as ratio de profesionais nas residencias e melloralas condicións laborais das mesmas.

CSV: REXISTRO-7Y3n51OHV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4. Crear centros públicos de xestión directa específicos y multidisciplinares para residentes menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas e/ou adiccións.
5. Regresar ao método de traballo da inspección que garanta a confidencialidade das visitas, tal e como recomenda a Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais.
6. Que se traslade á Cámara galega:

    a) Listaxe de tódalas inspeccións de Servizos Sociais realizadas nos últimos 5 anos. A listaxe debe reflectir, código do persoal que realizou a visita de inspección, data na que se realizou a inspección, centro inspeccionado, entidade titular, tipificación dos incumprimentos detectados en acta.
    b) Listaxe de inspeccións realizadas a tódolos centros de xestión directa da Xunta de Galicia e do Consorcio Galego de Servizos Sociais nos últimos 3 anos. A listaxe debe reflectir, código do persoal que realizou a visita de inspección, data na que se realizou a inspección, centro inspeccionado, entidade titular, tipificación dos incumprimentos detectados en acta.
    c) Criterios seguidos para a orde de apertura dos sancionadores.
    d) Contestacións ás familias das reclamacións presentadas nos dous últimos anos tal e como recolle o Decreto 254/2011 nos artigos 43 e 45.

Santiago de Compostela, 15 de setembro do 2023

CSV: REXISTRO-7Y3n51OHV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2023 10:00:00
Nº Rexistro: 59901
Data envío: 15/09/2023 20:04:49.109

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 15/09/2023 20:04:00**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2023 20:04:11**

CSV: REXISTRO-7Y3n51OHV-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.     Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.1 43087(11/PNP-003664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a concentración e o aumento de vivenda de uso turístico en determinadas áreas

*Publicación da iniciativa, 404, 03.11.2022*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2022 12:25:27
Nº Rexistro: 43087
Data envío: 25/10/2022 12:25:27.245

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e dos deputados **Daniel Pérez López** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as actuacións que debe tomar a Xunta para paliar os impactos negativos derivados da concentración e aumento da vivenda de uso turístico en determinadas áreas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos o mercado inmobiliario está a sufrir un cambio importante como consecuencia do aumento do peso do sector turístico en determinadas zonas do país. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, no contexto da era da información, o aluguer de vivendas de uso turístico cobra especial relevancia e trae canda si novos problemas que cómpre afrontar.

Resulta evidente que o impacto deste tipo de aluguer sobre múltiples factores urbanos está a ser cada vez maior no contexto galego. Así o certifican, tamén, os datos oficiais do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia (REAT): na actualidade existen 16.507 vivendas de uso turístico que ofertan un total de 87.479 prazas, moi por riba das menos de 60.000 prazas da oferta hoteleira. Isto supón un aumento dende xuño de 2017, mes no que se incorporou a categoría de “Vivendas de Uso Turístico”, dun 3.045%, ao pasar de 542 vivendas rexistradas ás 16.507 actuais.

Ademais dun aumento acelerado deste tipo de oferta, obsérvase unha segunda tendencia: a concentración deste tipo de usos en áreas localizadas. Segundo o último



CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informe dispoñible, elaborado pola Área de Estudos e Investigación Turismo de Galicia con datos recollidos do REAT a data de 1 de xullo de 2022, a maior concentración de VUT atópase nas Rías Baixas, onde se localizan o 27% da oferta total en Galiza. Destaca o concello de Sanxenxo onde se localizan un 14,5% do total das prazas, seguido por Santiago de Compostela cun 4,2%. Este fenómeno de concentración elevada de VUT é patente, sobre todo, nas áreas urbanas e en todo o litoral galego. Por tanto non é un fenómeno exclusivo das cidades senón que se estende por concellos cun menor grao de urbanización.

Tomando a clasificación que fai o IGE do grao de urbanización dos concellos, obsérvase como a concentración e o número de prazas nas Zonas Densamente Poboadas (ZDP) é dun 16,6%, fronte a un 51,4% que se concentra en Zonas intermedias (ZIP) e un 29,1% en Zonas Pouco Poboadas (ZPP). Os concellos con maior oferta de número de prazas total, logo de Sanxenxo, son Santiago, Vigo e Coruña, seguidos logo de concellos litorais con menor poboación como O Grove, Cangas, Foz, Poio, Barreiros ou Fisterra. Dende o punto de vista da concentración de prazas por habitante, obsérvase como a concentración é especialmente elevada en Sanxenxo, Barreiros, Carnota, Fisterra, O Grove, O Vicedo, Foz, Corcubión, Laxe e Muxía, é dicir, todos eles fóra das grandes urbes. Estes datos corroboran a existencia de casuísticas e dinámicas diversas, con resultados e consecuencias distintas nuns e outros lugares e que por tanto requiran de solucións adecuadas ás distintas realidades territoriais.

As consecuencias deste fenómeno de proliferación e concentración de vivendas de uso turístico ten unha especial afectación en tres planos: o urbano, o da accesibilidade á vivenda e o turístico, que deberán terse en conta para unha correcta planificación e determinación normativa. En primeiro lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana, toda vez que unha persoa turista que ocupa o lugar dunha persoa residente non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea

CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2022 12:25:27
Nº Rexistro: 43087
Data envío: 25/10/2022 12:25:27.245

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relacións de veciñanza, nin tampouco coida ou reivindica a mellora do espazo e do público, porque non pertence a el.

Tamén ten unha afectación directa sobre o prezo da vivenda residencial. A alta rendibilidade que supón nestes momentos o alugueiro vacacional de vivendas nas zonas con maior presión turística fai con que os propietarios prefiran destinar os seus inmobles para este uso. Todo isto acaba por repercutir na alza de prezos da vivenda de uso residencial, que se traduce no empeoramento da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

Por último, tamén resulta necesaria unha reflexión sobre as consecuencias a medio prazo sobre o propio modelo turístico. O desprazamento da poboación residente do centro das cidades ou de determinadas zonas moi turistificadas remata por segregar a propia vila ou cidade, reducindo así estes espazos a zonas tematizadas como simples entornos comerciais ao aire libre para turistas. Os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese específico. Nos casos dos emprazamentos litorais o problema da estacionalización tende a ser máis acusado.

Existen, pois, razóns abondo para abordar un problema que afecta ao dereito ao acceso á vivenda, á calidade dos espazos urbanos e á mesma calidade e sostibilidade do turismo.

Precisamente o conflito que se está dando no desprazamento da oferta de vivendas de uso residencial cara a o uso turístico, é un dos temas de maior preocupación na actualidade. Esta alarma social contrasta co feito de que que non haxa por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ningún estudo específico sobre esta cuestión, nin que tampouco se teñan tomado medidas ao respecto. Isto fai con que haxa que tomar os datos do propio sector inmobiliario, que sitúan a oferta actual de alugueres residenciais dispoñibles nuns 3.500, fronte ás máis de 16.500 vivendas de uso

CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

turístico. Cidades como Compostela, Vigo ou A Coruña están vendo como boa parte do seu parque inmobiliario de vivendas residenciais comezan a destinarse en maior proporción para uso vacacional. En Santiago de Compostela a relación entre os pisos para aluguer residencial e os vacacionais é de 130 dos primeiros fronte a máis de 672 dos segundos. No caso de Vigo xa se comproba unha maior oferta de pisos turísticos do que residenciais, e aseguran que en tan só un ano creáronse 800 novas prazas dos primeiros. Na Coruña o aumento dende marzo de 2020 foi de máis dun 60% e alcanza hoxe as 684 vivendas rexistradas.

Ante esta situación as distintas Consellerías con responsabilidade en turismo e en vivenda e ordenación territorial deben tomar medidas cunha visión transversal do problema. Segundo o artigo 4 da *LEI 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia*, entre as competencias da Xunta están as de planificación e a execución de medidas de ordenación e a xestión do Rexistro de Establecementos e Actividades Turísticas de Galicia, mais en ámbalas dúas existe unha deixación de funcións por parte da Administración galega.

No caso da planificación a Xunta carece de liñas directrices que aborden este fenómeno dende os tres planos principais aos que afecta: urbanístico, de acceso á vivenda e turístico. Incluso, como xa foi exposto no plano da vivenda e urbano, carece incluso de información ou análises sobre a problemática.

No caso do REAT estase a producir un baleiro de control das vivendas que se inscriben por parte da Xunta. Segundo o ***DECRETO 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia,*** **p**ara o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico deberá presentarse unha **declaración responsable de inicio de actividade** empregando o modelo normalizado previsto no anexo V, subscrita polo propietario ou propietaria ou persoa física ou



CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2022 12:25:27
Nº Rexistro: 43087
Data envío: 25/10/2022 12:25:27.245

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídica que o/a represente, ante a área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique. Na práctica, obrígase apenas a entregar unha declaración asinada mais non a documentación que acredite que, efectivamente, a vivenda cumpre cos requisitos marcados na normativa; de forma que hai dúbidas máis que xustificadas sobre os controis que debera estar efectuando na actualidade a Xunta de Galiza.

Outro dos buratos de control detectados no mencionado Decreto é a falla de esixencias sobre o cumprimento ou non da vivenda para o seu uso turístico. Así, o seu artigo 41.2 establece como requisitos a entrega da seguinte documentación: "Licenza de primeira ocupación ou cédula de habitabilidade ou certificado final de obra expedido por persoal técnico competente en que se acredite que se executaron as obras de conformidade coa licenza municipal outorgada, ou certificado municipal que acredite que a edificación reúne as condicións técnicas e urbanísticas para o seu destino a vivenda, ou informe do órgano municipal ou autonómico competente, acreditativo de que non se adoptaron medidas de restauración da legalidade urbanística ou ambiental." É dicir, en ningún momento se esixe documentación que acredite, non só o cumprimento do seu uso como vivenda, senón o cumprimento da normativa para o seu uso turístico.

A pesar de que no seu artigo 41.5 establece que "O destino como vivenda de uso turístico non é posible se está prohibido pola ordenación de usos do sector onde se atope, ou está prohibida polos estatutos da comunidade debidamente inscritos no Rexistro da Propiedade en edificios sometidos ao réxime de propiedade horizontal." ; non se solicita por parte da Xunta a entrega de ningunha documentación que así o acredite.

Existe por tanto un evidente baleiro de control, cando no mesmo decreto se establece a obrigatoriedade do cumprimento da normativa, mais ao mesmo tempo non



CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se establece que se entregue a documentación que así o certifique, nin se especifican e garanten medidas de control posteriores que garantan o cumprimento da normativa.

Isto ten dado como resultado distintas sentencias, como a do TSXG no caso dunha VUT en Pontevedra que incumpría a ordenación de usos do sector, en que o órgano ratifica que este tipo de vivendas son nunha actividade económica e que a actividade das VUT non se pode exercer directamente sen título habilitante.

En consecuencia, a Xunta de Galiza debera modificar a normativa para garantir que o Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas é un instrumento eficaz para o control do cumprimento por parte das VUT da normativa.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Realizar dende o Observatorio da Vivenda de Galicia un estudo sobre a afectación das Vivendas de Uso Turístico na accesibilidade á vivenda residencial e a calidade dos espazos urbanos, propondo medidas de actuación e orientacións específicas para as distintas realidades territoriais, tanto dende a propia Xunta de Galiza como en colaboración cos Concellos, que teñan como obxectivo mitigar os seus impactos negativos.

2. Realizar un estudo sobre a afectación das VUT no modelo turístico detectando as súas oportunidades e ameazas e propondo medidas de planificación que fortalezan e aporten resiliencia ao sector. Igualmente analizar a incidencia no mercado inmobiliario galego dos distintos tipos de propietarios ou de xestores de VUT, especialmente a presenza e evolución de grupos de investimento que se dedican á



CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compra e aluguer para VUT, así como a relación e impacto deste fenómeno coa actividade hoteleira.

3. Co obxectivo de limitar a especulación inmobiliaria, estudar a modificación da normativa actual para un tratamento diferenciado entre pequenos e grandes propietarios de vivendas de uso turístico, establecendo un límite no número máximo de vivendas que se poderán pór en explotación turística como VUT por persoa propietaria, ben sexa mediante xestión directa, ben sexa mediante empresas de xestión.

4. Modificar a normativa actual, para que o rexistro das VUT no REAT por parte da Xunta só poida realizarse logo da comprobación de que a VUT se sitúen nun sector ou inmoble no que a ordenación de usos no planeamento ou normativa urbanística municipal e sectorial de aplicación, determine que non se trate dun uso prohibido ou incompatible co planeamento, o que se acreditará co correspondente titulo habilitante municipal para o exercicio da actividade e, de selo caso, co de natureza urbanística, ademais de coas restantes autorizacións e informes sectoriais procedentes. A Xunta esixirá na nova normativa, para a inscrición o preceptivo título habilitante municipal para o inicio ou exercicio da referida actividade económica de carácter turístico.

5. Iniciar un procedemento de revisión dos Rexistros de vivendas de usos turísticos, para dar de baixa, de oficio, a todas aquelas vivendas nos que a ordenación de usos do planeamento ou normativa municipal do sector no que se atope, os prohiba ou sexan incompatibles, para o que deberá requirir, a todos os inscritos, a achega do correspondente título habilitante municipal para o exercicio da actividade de VUT no prazo que se sinale ao efecto.

6. Establecer un maior control, mediante inspeccións, ordes de clausura e sancións sobre a oferta de Vivendas de Uso Turístico non inscritas no REAT ou que incumpren a normativa, co obxectivo de reducir a bolsa de vivendas que non cumpran coa legalidade ou coas súas obrigas fiscais."



CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2022 12:25:27
Nº Rexistro: 43087
Data envío: 25/10/2022 12:25:27.245

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2022 12:17:49**

**Daniel Pérez López na data 25/10/2022 12:17:53**

**Alexandra Fernández Gómez na data 25/10/2022 12:18:04**

CSV: REXISTRO-2jKG4Uy04-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.2 53819(11/PNP-004459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de construción de vivendas públicas

*Publicación da iniciativa, 499, 31.05.2023*

PSG PSOE Parlamento de Galicia | Grupo Parlamentario Socialista

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 53819
Data envío: 23/05/2023 18:31:01.513

**Á MESA DO PARLAMENTO**

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Eduardo Ojea Árias** e **Patricia Otero Rodríguez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

O acceso a unha vivenda digna e alcanzable en Galicia non ten fácil solución para o Goberno da Xunta, por iso son imprescindibles normas que sexan capaces de responder ás necesidades das persoas e dos fogares con máis dificultades de acceso, por enriba de todo as persoas novas para que realicen os seus proxectos vitais e poidan acceder a unha vivenda digna a prezos alcanzables para poder emanciparse, de aí a necesidade da Lei de vivenda aprobada recentemente.

As familias con menos ingresos teñen cada vez máis dificultades para acceder a unha vivenda, os prezos incrementáronse por enriba das súas posibilidades económicas. Segundo os datos do Observatorio da Vivenda de Galicia, dende o ano 2015 o prezo dos alugueiros aumentou un 29,7 %, superando o 35 % no conxunto das sete cidades. En Galicia máis de 253.000 persoas presentan carencias materiais severas o que dificulta o seu acceso a unha vivenda digna e axeitada.

No Rexistro de Demandantes de Vivenda, hai máis de 15.000 demandantes e destes o 83 % solicitan unha vivenda de promoción pública. Segundo os datos que figuran no dito rexistro, os demandantes de vivendas de alugueiro triplica ao de inmobles ofertados.

CSV: REXISTRO-0LeF9DmQ2-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A política pública de vivenda en Galicia presenta un gran déficit e aínda máis nas vivendas de promoción pública construídas directamente polo goberno.

Este discreto balance de vivenda protexida aínda é menor se nos referimos a vivendas para o alugueiro, o Goberno galego estivo ata 6 anos sen construír ningunha vivenda de protección para o alugueiro.

No que vai de lexislatura son 468 as vivendas de protección rematadas. Segundo datos do Ministerio de Transporte, en 2014 había 268 vivendas de protección, no primeiro semestre de 2022 había 12 vivendas de protección.

Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para o alugueiro nun momento no que a compra dunha vivenda propia se está a converter en privativa para a maioría da cidadanía galega, tanto polo incremento do valor das hipotecas, como pola mobilidade laboral e a dificultade de adaptación dos salarios á realidade diaria, motivada pola inflación xerada pola guerra de Ucraína.

O Plan de acceso a vivenda 2022-2025, ten, entre outros programas cofinanciados o de axudas ao alugueiro de vivenda, o incremento do parque público de vivenda (por certo o Goberno central mercou 98 vivendas para incrementar ese parque público, 43 a Sareb e 55 a entidades bancarias ), e o da posta ao dispor da Xunta e dos concellos de vivendas libres para o alugueiro como vivenda alcanzable ou social.

No ano 2023, dentro do Plan de recuperación con fondos europeos, destínanse 29,23 millóns de € a Galicia para incrementar o parque de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles.

Inda así, a pesares de todos estes posibles investimentos en construción de vivendas públicas para o alugueiro, a Xunta convoca a través do IGVS, máis de 28 millóns de euros, dos que 16 millóns proceden de fondos europeos aos

CSV: REXISTRO-0LeF9DmQ2-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se engaden outras axudas procedentes do Plan estatal para o acceso a vivenda 2022/2025 cunha contía superior a 12 millóns de euros.

As políticas de vivenda, tanto de construción para persoas vulnerables como de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, nos últimos 14 anos, indican un déficit na execución por parte da Xunta, a pesares do incremento orzamentario que se está a realizar polas distintas administracións, con fondos propios, estatais ou europeos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo todos os programas de construción de vivendas públicas, nomeadamente o programa de construción de vivendas en alugueiro social e edificios enerxeticamente eficientes, mediante os mecanismos necesarios e antes do 2026 para non ter que devolver fondos europeos deste programa.

Parlamento de Galicia, 23 de maio de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Eduardo Ojea Arias na data 23/05/2023 18:26:25**

**Patricia Otero Rodríguez na data 23/05/2023 18:26:34**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/05/2023 18:26:49**

CSV: REXISTRO-0LeF9DmQ2-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.3 54671(11/PNP-004542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre o impulso por parte do Goberno galego de determinadas medidas para afrontar a actual situación do desemprego en Galicia

*Publicación da iniciativa, 514, 28.06.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2023 17:05:24
Nº Rexistro: 54671
Data envío: 20/06/2023 17:05:24.814



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

**Exposición de motivos**

O Goberno galego dende 2009 a 2022 deixou sen gastar dos 5.977 millóns de euros asignados a políticas de emprego 1.954 millóns de euros, o 34,2 % do crédito asignado.

Esta afirmación provén dos datos facilitados polo Parlamento de Galicia sobre a execución orzamentaria.

Resaltar que dos fondos asignados para formación para o emprego, 1.604 millóns de euros para formación de persoas paradas e 439 millóns para ocupadas, quedaron sen gastar 656 millóns de formación para paradas e 207 millóns para ocupadas.

Nos tres orzamentos pechados nesta lexislatura, dos 364 millóns de crédito vixente para formación de desempregados, deixou sen gastar 200 millóns, o 55 % dos previstos.

En relación cos programas de fomento do emprego dos 1.024 millóns dos que dispuxo, deixou sen gastar un de cada tres euros.

Os orzamentos realizados polo Goberno do Partido popular son unha farsa porque non os executan con eles non son capaces de por en marcha unha

CSV: REXISTRO-VLyhrK12q-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

política de formación para o emprego, partindo do análise das necesidades de quen demanda emprego e as necesidades do mercado laboral galego.

Por outra banda en Galicia hai 93.877 persoas paradas sen protección por desemprego**,** soamente o 30,8 % das persoas paradas está protexida, menos de unha de cada tres. Se analizamos os parados de longa duración, a protección por desemprego é para menos de un de cada catro, o 23,5 %.

Esta grave problemática ten que corrixila o Goberno galego, e por elo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia que de forma inmediata realice un plan de emprego unha vez realizado un estudo das necesidades do mercado laboral galego coa participación dos  axentes sociais galegos.

Santiago de Compostela, 20 de xuño do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta  na data 20/06/2023 16:58:13**

**Julio Torrado Quintela  na data 20/06/2023 16:58:23**

**Marina Ortega Otero  na data 20/06/2023 16:58:31**

CSV: REXISTRO-VLyhrK12q-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2023 17:05:24
Nº Rexistro: 54671
Data envío: 20/06/2023 17:05:24.814

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 20/06/2023 16:58:40**

CSV: REXISTRO-VLyhrK12q-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.4 57583(11/PNP-004637)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario noroeste do Corredor Atlántico non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías

*Publicación da iniciativa, 551, 25.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57583
Data envío: 10/08/2023 14:17:47.387

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Luis Ferro Iglesias, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

**<u>Exposición de Motivos</u>**

Recentemente coñecíamos un novo desprezo a Galicia en relación co Corredor Atlántico de Mercadorías, que debe engadirse as xa reiteradas faltas de compromiso do Goberno de España coa nosa Comunidade en relación con esta infraestrutura estratéxica.

En concreto, Galicia queda excluída do órgano xestor loxístico da rede transeuropea de mercadorías. Este ente, no que si participa ADIF, ten como fin coordinar a circulación dos trens por España, Portugal, Francia e Alemaña e non contempla a extensión da rede ao noroeste, aprobada en 2021, tras unha intensa reivindicación.

Carece de sentido que o órgano xestor que se crea co obxecto de facilitar e simplificar o transporte de mercadorías por ferrocarril da futura rede transeuropea de transporte só inclúa o itinerario primitivo do Corredor Atlántico e non a ampliación ao noroeste, coa que figuraría Galicia.

Do mesmo xeito, resulta decepcionante que dado que o Goberno de España designou un Comisionado para coordinar estes asuntos, non teñan intercedido para corrixir a exclusión destas últimas incorporacións que si figuran por dereito propio no mapa dos corredores da Rede Transeuropea de Transporte (TTE-T)

De nada serve a fronte común que no ámbito político e empresarial reclama unha maior aposta para avanzar nun proxecto estratéxico para a competitividade da nosa comunidade se unha e outra vez atopámonos coa falta de vontade e implicación do Executivo central cando non directamente o boicot aos intereses do noroeste peninsular e de Galicia, máis en particular.

Esta inacción do Goberno súmase á carencia de diálogo amosada nas continuas cancelacións das reunións do Comisionado do Corredor Atlántico coa Confederación de Empresarios de Galicia.

CSV: REXISTRO-13xAmoPap-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57583
Data envío: 10/08/2023 14:17:47.387

PARLAMENTO DE GALICIA

Cómpre lembrar que, como xa temos denunciado en múltiples ocasións, o Goberno que preside Pedro Sánchez nin ten avanzado no impulso do Corredor Atlántico, nin presentou proxectos do noroeste á convocatoria de fondos europeos.

Ata tal punto é así que seguimos á espera dunha explicación do agravio que para Galicia suporá que a UE destine este ano 6.300 M€ a impulsar a rede europea de transportes, dos cales 250 serán para España, pero ningún para a nosa Comunidade nin para o noroeste peninsular.

Polo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

> "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medidas oportunas diante das autoridades europeas co obxecto de que o itinerario noroeste do Corredor Atlántico -no que figura expresamente Galicia- non sexa excluído do mapa deseñado para a posta en marcha do órgano xestor da futura rede ferroviaria europea de mercadorías"

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 10/08/2023 14:14:24**

**José Manuel Balseiro Orol  na data 10/08/2023 14:14:29**

**Carmen María Pomar Tojo na data 10/08/2023 14:15:27**

**Ramón Carballo Páez na data 10/08/2023 14:15:40**

**José Luis Ferro Iglesias na data 10/08/2023 14:16:01**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 10/08/2023 14:16:33**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 10/08/2023 14:16:35**

**María Belén Salido Maroño na data 10/08/2023 14:17:07**

CSV: REXISTRO-13xAmoPap-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.5 58090(11/PNP-004675)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 6 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que adopte as medidas axeitadas para as necesidades do desenvolvemento da industria electrointensiva

*Publicación da iniciativa, 552, 30.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 58090
Data envío: 23/08/2023 14:44:27.872

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través da súa **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, e Borja Verea Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno.**

**Exposición de motivos**

A industria galega intensiva en enerxía é un motor clave para a nosa comunidade, mantendo tecido industrial, emprego estable e de calidade.

Debido á crise dos altos prezos da enerxía, ante a que o Goberno do Estado non soubo dar solucións, as industrias electrointensivas en Galicia non soamente están ameazadas, senón que perderon competitividade. Isto levou tamén a que recortasen a súa produción ante os danos que sufriron pola escalada dos prezos da electricidade e do gas.

Polo tanto, estamos nun momento crítico para decidir que accións emprender para intentar garantir a viabilidade da gran industria galega consumidora de enerxía.

Con respecto ás subvencións dos custos de compensación por emisións de CO2, é preciso incrementar a dotación máxima permitida pola normativa europea, como sucede en Alemaña, onde as industrias electrointensivas reciben subvencións do 100 por cento, xa que dedican o 25 por cento dos ingresos procedentes das poxas para a asignación dos dereitos de emisións de CO2.

En España, na nova convocatoria 2023 para axudas aos custos indirectos de CO2 para as industrias, establécese unha contía máxima para todos os beneficiarios de 244 millóns de euros, aínda que admite a posibilidade de ampliar a dita contía ata os 450 millóns de euros.

As condicións establecidas para estas axudas supoñen un grave risco de deslocalización, agravado pola falta de impulso ao Perte de descarbonización, na parte dirixida á industria electrointensiva, anunciado pola anterior ministra de Industria, Comercio e Turismo en varias ocasións desde febreiro de 2022.

Por outra banda, o sector de co-xeración en Galicia segue esperando a que o Goberno do Estado aprobe a nova metodoloxía para actualizar a retribución á operación para

CSV: REXISTRO-kgEXhvvh5-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 58090
Data envío: 23/08/2023 14:44:27.872

PARLAMENTO DE GALICIA

poñer fin á incerteza reguladora que leva asolando a este sector. Ademais, o Goberno do Estado ten pendente a convocatoria das poxas para adxudicar 1.200 MW de co-xeración, cuxo período de información pública finalizou en xaneiro de 2022, sendo este un marco vital para investir e manter a actividade do sector.

Finalmente, o pasado 8 de xullo de 2023, o Goberno publicou no BOE a convocatoria para a concesión das subvencións recollidas no Estatuto dos consumidores electrointensivos. Neste sentido, a cantidade total das axudas reducíronse respecto ao inicialmente presupostado e, ademais, optouse por ampliar o número de consumidores que teñen dereito a ser electrointensivos para repartir a mesma cantidade entre máis beneficiarios, en lugar de intensificar a aqueles consumidores que son máis electrointensivos.

Isto supón un novo risco, xa que o Estatuto dos consumidores electrointensivos estase a desnaturalizar polas escasas axudas ás que se accede fronte a unhas obrigas que impoñen costes importantes aos beneficiarios, de maneira que eses custos non se vexan compensados polas axudas recibidas e acaben por desistir desta figura tan necesaria.

En resumo, o Goberno central continua sendo incapaz de adoptar un paquete de medidas que realmente permita á industria española contar con un prezo eléctrico competitivo, estable e predicible máis de 2 anos despois de que se aprobara o tan esperado e anunciado *Real Decreto 1106/2020, do 15 de decembro polo que se regula o Estatuto dos consumidores electrointensivos*, que non foi máis que outro golpe para a industria española e galega, aumentando o risco da deslocalización industrial e da destrución de emprego, principalmente das empresas cun gran consumo enerxético.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle que aprobe, con carácter inmediato, un marco de subministración eléctrica competitiva, estable e predicible para a gran industria consumidora de enerxía.”

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-kgEXhvh5-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 58090
Data envío: 23/08/2023 14:44:27.872

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 23/08/2023 14:38:56**

**Cristina Sanz Arias na data 23/08/2023 14:39:02**

**Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/08/2023 14:39:18**

**José Antonio Armada Pérez na data 23/08/2023 14:39:31**

**Ana Belén García Vidal na data 23/08/2023 14:39:52**

**Pardo López, Adrián na data 23/08/2023 14:40:04**

**Moisés Blanco Paradelo na data 23/08/2023 14:40:25**

**Borja Verea Fraiz na data 23/08/2023 14:40:44**

CSV: REXISTRO-kgEXhvvh5-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

4.6 58158(11/PNP-004685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxecto de impulsar a modernización do transporte ferroviario de mercadorías e a integración de Galicia nos plans europeos para o Corredor Atlántico

*Publicación da iniciativa, 552, 30.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 12:59:54
Nº Rexistro: 58158
Data envío: 24/08/2023 12:59:54.633

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste de transporte de mercadorías.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En datas recentes coñeceuse que Galiza está excluída do órgano europeo que xestiona as mercadorías no corredor atlántico (Atlantic Corridor), un feito que pode ser consecuencia da exclusión inicial do noso país da Rede Básica (2013) e da inclusión posterior no ano 2021, cun evidente retraso sobre outros territorios que levan vantaxe na modernización e desenvolvemento das redes de transporte ferroviario.




*Mapa oficial do Corredor Atlántico*

Este feito coincide no tempo con outros que supoñen un agravio para o noso país:



CSV: REXISTRO-6lkdUPFu5-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 12:59:54
Nº Rexistro: 58158
Data envío: 24/08/2023 12:59:54.633

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Discriminación e retraso nos investimentos no Corredor Noroeste con respecto ao eixe central do Corredor Atlántico e ao Corredor Mediterráneo

- Non aprobación do Plan Director do Corredor Noroeste-Corredor Atlántico.

- Exclusión de Galiza dos 11 proxectos financiados polo mecanismo Conectar Europa, por valor de 247 millóns de euros, para a modernización das redes de transportes.

- Exclusión de Galiza da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camións cargados con mercadorías para facer por estrada o "último km". Segundo o ministerio a razón desta exclusión é que ningún axente do sector do transporte de mercadorías solicitou a integración no prazo de presentación de alegacións. E non se coñece ningunha xestión ao respecto por parte do goberno da Xunta.

A exclusión de Galiza do órgano europeo que xestiona as mercadorías no Corredor Atlántico tivo como resposta un tuit do presidente da Xunta, que como acostuma eludiu calquera responsabilidade e culpou da situación ao goberno central. Dá a impresión que nin a Xunta nin a Fundación Galicia Europa pintan nada á hora de defender os intereses do noso país. E chama poderosamente a atención que no documento de prioridades de Galiza diante da Presidencia española da UE non se faga ningunha referencia a esta discriminación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:



CSV: REXISTRO-6lkdUPFu5-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 12:59:54
Nº Rexistro: 58158
Data envío: 24/08/2023 12:59:54.633

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta a:

1.Defender coa máxima firmeza diante das institución europeas e do goberno central a integración do Corredor Noroeste no órgano da UE que xestiona o transporte de mercadorías do Corredor Atlántico.

2. Convocar os axentes do transporte de mercadorías para demandar a revisión da exclusión de Galiza da rede de autoestradas ferroviarias.

3. Demandar do goberno central a aprobación no presente ano do Plan Director do Corredor Atlántico, incluíndo nel todas as demandas relacionadas co Corredor Noroeste.

4. Tendo en conta o atraso de Galiza en materia de transporte de mercadorías, demandar do goberno central un Plan extraordinario de investimentos na modernización do ferrocarril de mercadorías que equilibre e compense o escaso desenvolvemento que sofre o noso país nesta materia.

5. Crear unha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal."

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

CSV: REXISTRO-6IkdUPFu5-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/08/2023 12:59:54
Nº Rexistro: 58158
Data envío: 24/08/2023 12:59:54.633

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 24/08/2023 12:52:44**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 24/08/2023 12:52:52**

**Paulo Ríos Santomé  na data 24/08/2023 12:53:03**

CSV: REXISTRO-6lkdUPFu5-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5. Interpelacións

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.1 57741(11/INT-002694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega

*Publicación da iniciativa, 552, 30.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 12:10:40
Nº Rexistro: 57741
Data envío: 18/08/2023 12:10:40.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de agosto coñeciamos os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística respecto das variacións no índice de prezos ao consumo. Analizados os datos, podemos observar como as previsións ficaron por debaixo dos valores realmente observados. Así, os datos do INE sobre o IPC de xullo confirman unha alza dos prezos, situando a taxa interanual no 2,3% a nivel estatal. En Galiza, a taxa de variación interanual do IPC sitúase no 2,1% fronte ao 1,5% do pasado xuño, e a previsión, que se situaba no 1,4%.

Ademais, a inflación subaxacente, aquela que exclúe alimentos frescos (non elaborados) e produtos enerxéticos aumenta até situarse no 6,2% a nivel estatal, mentres na Galiza é maior, alcanzando o 6,4% (a previsión ficaba no 6%). O preocupante, alén do aumento da subxacente, da subida dos prezos de xullo é que o fai desde o pico de inflación de 2022 que alcanzara una taxa interanual de IPC en xullo de +10,8%.

Por outra banda, en Galiza, o grupo de produtos que máis aumentan os seus prezos é o de Alimentos e Bebidas Non Alcohólicas que alcanza o 10,4% en taxa de variación interanual (na que inflúe en maior medida o aumento dos prezos de froitas frescas e aceites e graxas), seguido de Transporte, Restauración e Hoteis, e Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles.

CSV: REXISTRO-efd37I6tg-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 12:10:40
Nº Rexistro: 57741
Data envío: 18/08/2023 12:10:40.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A cronificación da crise inflacionaria e o seu impacto en bens básicos como a alimentación continúa a ser un dos principais problemas da economía galega.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía o goberno galego a cronificación da crise de prezos e o impacto na economía galega da súa evolución en sectores como o da alimentación?

Considera o goberno galego que esta situación favorece unha consolidación da pobreza? E un risco do seu aumento?

Como valora a evolución da situación dos alimentos? E dos combustibles?

Valora novas medidas desde o ámbito das súas competencias? Cales?

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

2

CSV: REXISTRO-efd37l6tg-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 12:10:40
Nº Rexistro: 57741
Data envío: 18/08/2023 12:10:40.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López na data 18/08/2023 12:09:13**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 18/08/2023 12:09:16**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/08/2023 12:10:27**

CSV: REXISTRO-efd37l6tg-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.2 58829(11/INT-002741)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo

Sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia

*Publicación da iniciativa, 561, 13.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2023 12:37:18
Nº Rexistro: 58829
Data envío: 01/09/2023 12:37:18.110

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A historia da autovía A-54 Lugo-Santiago, que conectará o centro e o interior de Galicia, está chea de retrasos. Son numerosos os reaxustes de obra, suspensión de traballos, modificacións de trazados, anulacións de procedementos e novas licitacións que sufriu esta infraestrutura, nomeadamente baixo os gobernos do PP en Madrid, co silencio cómplice do goberno popular na Xunta de Galicia.

Dende a chegada de Pedro Sánchez a Presidencia do Goberno as obras avanzan a un bo ritmo, a pesar de imprevistos e a pesar das que as obras pendentes na A-54, que foran contratadas con moitos problemas polo PP cando estaba no goberno, implicaran retrasos xa que o mal deseño inicial da mesma nalgún tramos, que non se axustaba a realidade nin tiñan en conta o respecto arqueolóxico, obrigou a facer novas avaliacións ambientais.

A pesar de que esta infraestrutura fora totalmente esquecida durante moitos anos polo PPdeG, en setembro de 2022 decidiron iniciar unha campaña terxiversando a realidade dos feitos e empregando o manido mantra de que “Sánchez marxina a Galicia” e pedíanlle ao Goberno Central que acelerara os prazos desta infraestrutura presentando tamén mocións nos concellos para presionar ao executivo central. O senador polo Provincia de Lugo, Barreiro dicía “as infraestruturas viarias en Galicia dependentes do Goberno están a sufrir importantes atrasos, xa sexa pola lentitude coa que se están a executar as obras ou porque directamente están paralizadas”.

CSV: REXISTRO-hjHIt8gTq-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2023 12:37:18
Nº Rexistro: 58829
Data envío: 01/09/2023 12:37:18.110



De novo o PPdeG, nun novo exemplo de cinismo político preguntábase na recente campaña das eleccións xerais " por que a A-54 Santiago-Lugo non está rematada". A súa Secretaria Xeral dicía na recta final desa campaña que isto era unha mostra do " maltrato de sanchismo" e un "aseñamento con Lugo". Nese mesmo acto o cabeza de lista do PP ao Congreso dos Deputados pola Provincia de Lugo dicía que "xa non hai cabida para máis escusas para non rematar esta infraestrutura".

Pois ben, o certo é que esas preguntas do populares galegos debería ir dirixidas a Xunta de Galicia, e nomeadamente a Augas de Galicia, xa que cando facían estas declaracións o Goberno galego, debido o seu desleixo de obrigas e ineficacia administrativa, estaba a retrasar e paralizar un permiso necesario para poder avanzar nas obras desta infraestrutura.

Estes días coñeciamos que Augas de Galicia, como organismo que regula as concas fluviais, tiña unha solicitude de permiso, dende o pasado mes de abril, para autorizar unha obra imprevista. En abril solicitábase pola empresa encargada de facer as obras permiso e proxecto para o retranqueo do río Ladrón, que permitira seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago. A Xunta de Galicia retrasou este permiso 4 meses e medio, e casualidades da vida deuno poucos días despois a que este retraso saíra a luz pública. Ao día seguinte de dar o permiso por parte de Augas de Galicia o MITMA iniciou os traballos de desvío da canle do río para continuar coas cimentacións do viaduto. O proxecto presentado a Augas de Galicia pretendía facer estas obras durante os meses de xullo, agosto e setembro por ser os meses con mellores perspectivas climatolóxicas para levalas a cabo, pero claro, debido o desleixo de funcións da Xunta de Galicia isto non poderá ser unha realidade xa que dita autorización non chegou ata o 30 de agosto.

CSV: REXISTRO-hjHlt8gTq-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal ou cales foron os motivo polos que Augas de Galicia retrasou o permiso de retanqueo do río Ladrón, que permitirá seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide da A-54 Lugo-Santiago?
2. Non pensa a Xunta de Galicia que coa súa escasa celeridade vai a provocar un retraso inxustificado neste tramo da obra, xa que agora nos adentramos en meses que non son tan favorables para levala adiante, xa que son meses nos que en Galicia soe chover moito?
3. Pensa a Xunta de Galicia que neste caso actuou coa celeridade que o propio Goberno galego lle reclama ao goberno central no tocante a esta infraestrutura?

Santiago de Compostela, 1 de setembro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/09/2023 12:16:32**

**Eduardo Ojea Arias na data 01/09/2023 12:16:43**

CSV: REXISTRO-hjHlt8gTq-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

5.3 59054(11/INT-002747)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego

*Publicación da iniciativa, 561, 13.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 17:37:27
Nº Rexistro: 59054
Data envío: 05/09/2023 17:37:27.704

Grupo Parlamentario Socialista

<u>**Á MESA DO PARLAMENTO**</u>

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Miguez**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Os presidentes da Xunta de Galicia, o Sr. Feijóo e o Sr. Rueda, teñen anunciado dende o ano 2016 unha serie de rebaixas fiscais que se teñen incrementado cada ano, sumándose así á política fiscal adoitada por outras comunidades gobernadas polo Partido Popular que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais (IVE e IRPF) e renunciando a aplicar políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento dos tramos máis altos do IRPF ou o incremento na porcentaxe do Imposto de Patrimonio ou de Sucesións.

Estes feitos revelan, unha vez máis, a política fiscal regresiva da Xunta de Galicia, que favorece aos que máis teñen, aínda que isto supoña unha perda de ingresos nas arcas autonómicas para poder facer unha redistribución da riqueza, mellorar os servizos públicos e axudar aos fogares que máis o precisan, fundamentalmente nuns momentos de crecemento dos prezos, sendo Galicia unha das comunidades que experimenta incrementos do IPC máis elevados que a media do Estado.

CSV: REXISTRO-97qRotX9V-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre esta política fiscal aplicada dende 2016?

2. Con vistas á elaboración dos orzamentos para 2024, o Goberno galego vai seguir nesta senda de política fiscal regresiva?

3. Sobre que estudos ou informes se baseou o goberno galego para aplicar estas rebaixas fiscais?

4. Ten realizado o Goberno galego algún estudo sobre o impacto económico e social dos incentivos aplicados en Galicia dende o ano 2009? en caso negativo, cal é a súa xustificación?

5. O goberno galego vai establecer unha mesa de traballo na que estean presentes todos os representantes económicos e sociais, así como os grupos parlamentarios para acordar unha política fiscal que garanta unha redistribución da riqueza no noso país?

6. A que tipo de familias ten favorecido cada un dos beneficios fiscais aprobados?

7. Considera o Goberno galego que estes incentivos fiscais se traduciron realmente en beneficios para a cidadanía galega? exactamente cales? en que datos obxectivos fundamenta a súa resposta?

8. Cales son as razóns polas que as recomendacións manifestadas polo Consello de Contas nos Informes de fiscalización da Conta correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia para os distintos exercicios non fose aceptada polo Goberno galego?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-97qRotX9V-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 17:37:27
Nº Rexistro: 59054
Data envío: 05/09/2023 17:37:27.704

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  na data 05/09/2023 17:29:14**

**Gonzalo Caballero Míguez  na data 05/09/2023 17:29:24**

CSV: REXISTRO-97qRotX9V-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta de Galicia

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.1 59967(11/POPX-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para axudar as familias a lles faceren fronte ás súas necesidades

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 18:09:30
Nº Rexistro: 59967
Data envío: 18/09/2023 18:09:30.244

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz** do **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, que medidas pensa adoptar o Goberno galego para axudar ás familias a facer fronte ás súas necesidades?

Santiago de Compostela, 18 de setembro do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/09/2023 17:56:04**

CSV: REXISTRO-w6Jwy7e4n-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

6.2 59970(11/POPX-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as solucións que prevé o Goberno galego contra a crise de prezos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 18:15:11
Nº Rexistro: 59970
Data envío: 18/09/2023 18:15:11.010

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr. Rueda, cando vai deixar de traballar a favor do PP de Madrid e dar solucións a galegos e galegas ante a crise de prezos?*

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/09/2023 18:14:46**

CSV: REXISTRO-kDoNFgBVj-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.1 56349(11/POP-008659)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar as poboacións de xabarín en zonas urbanas e periurbanas

*Publicación da iniciativa, 540, 08.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2023 11:32:50
Nº Rexistro: 56349
Data envío: 26/07/2023 11:32:50.195

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, Rubén Lorenzo Gómez e José Luis Ferro Iglesias,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A extensión do xabarín é unha realidade en Galicia, na meirande parte de España e tamén en Europa. A expansión das zonas boscosas e un clima cada vez máis suave, son algunhas das causas que axudan a súa proliferación.

A Xunta de Galicia consciente do problema, leva anos redobrando esforzos e adoptando medidas para controlar a poboación do xabarín e paliar os posibles danos que ocasione esta especie silvestre, non só na agricultura, tamén na gandería e na circulación viaria.

Medidas de control, a través dun contacto fluido cos tecores galegos para valorar a idoneidade de realizar accións de caza controladas, axilización administrativa para a autorización de batidas e poder actuar con rapidez; medidas preventivas, para evitar danos recurrentes ou repetitivos; medidas paliativas, para axudar a minorar os danos producidos por esta especie e tamén medidas excepcionais.

Casi 10 millóns de euros mobilizados nos últimos anos por parte do goberno galego , e se referimos o orzamento para este ano 2023 a Xunta de Galicia investirá 1,73 millóns de euros para seguir actuando e adoptando medias de prevención e para facer fronteás indemnizacións polos danos causados por esta especie en cultivos e explotacións agrogandeiras.

E desde fai un tempo, están a deixarse ver en zonas máis poboadas e mesmo en núcleos urbanos xerando problemas de seguridade cidadá ou mesmo de saúde pública, como é o caso de Ourense, no que leva meses xerando alarma social en moitos barrios.

Polo exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas, dentro das súas competencias está adoptar o Goberno para controlar as poboacións de xabarín en zonas urbanas e periurbanas?

Santiago de Compostela, 26 de Xullo de 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: REXISTRO-AAgg59ykM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2023 11:32:50
Nº Rexistro: 56349
Data envío: 26/07/2023 11:32:50.195

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 26/07/2023 11:27:22**

**Carmen María Pomar Tojo na data 26/07/2023 11:27:43**

**José Manuel Balseiro Orol na data 26/07/2023 11:28:36**

**Ramón Carballo Páez na data 26/07/2023 11:28:49**

**María Belén Salido Maroño na data 26/07/2023 11:29:11**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 26/07/2023 11:29:21**

**José Luis Ferro Iglesias na data 26/07/2023 11:29:35**

CSV: REXISTRO-AAgg59ykM-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.2 59003(11/POP-009297)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes da mina de San Fins, en Lousame

*Publicación da iniciativa, 561, 13.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 11:26:31
Nº Rexistro: 59003
Data envío: 05/09/2023 11:26:31.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións do goberno galego diante da detección de alarmantes niveis de metais pesados nas augas procedentes da mina de San Finx.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As advertencias e denuncias da situación das instalacións mineiras de San Finx e do perigo medioambiental, económico e social que representan para a súa contorna e para toda a ría de Muros e Noia, cóntanse por ducias nos últimos anos. Tamén as iniciativas parlamentares e de solicitude de medidas ao Goberno galego para cumprir e facer cumprir a lei, para actuar diante das constantes irregularidades que veñen producíndose.

Nin unhas nin as outras tiveron ata o de agora efecto algún diante da Administración galega e neste momento, máis alá das vías social e política, existen xa demandas xudiciais ao respecto, apertura de dilixencias penais contra ex altos cargos da Xunta de Galiza e contra a empresa mineira e os seus administradores, actuacións da Fiscalía contra actuais altos funcionarios... En definitiva, unha interminábel maraña xudicial que se podería ter evitado se o Goberno galego tivese actuado dende o principio con contundencia na defensa escrupulosa da lei e dos intereses dos seus administrados.

Mais, lonxe de ser así, en febreiro deste ano -cunha rotunda oposición social e política- autorizou verter en dúas fases catro millóns de metros cúbicos de augas residuais da explotación mineira de San Finx ao río Pesqueira. Unha autorización que, ademais de supoñer a apertura de dilixencias pola Fiscalía contra altos cargos de Augas de Galiza, a comezar pola súa propia directora, a Xunta consentiu mesmo o seu



CSV: REXISTRO-F1s7NLM5J-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incumprimento, que fixaba para o 1 de xullo o prazo de execución das obras dos sistemas de tratamento de augas residuais, e finalmente acabou prorrogando o prazo incumprido.

Nesta sucesión de desatinos, neste mes de agosto coñecemos os resultados das análises levadas a cabo por Augas de Galiza augas abaixo das balsas da mina de San Finx, que amosan niveis de metais pesados que superan amplamente os máximos permitidos legalmente: Cadmio, en 78 veces, cobre, en 48, e cinc, en 8, en puntos non autorizados do rego Rabaceiras. Unha contaminación que agora admite a Xunta mais que vén advertíndose dende hai anos, nomeadamente dende o 2015 levan os distintos colectivos sociais e o propio BNG alertando das consecuencias da situación da explotación mineira, e especialmente das balsas, problema gravísimo no que as sucesivas empresas concesionarias da mina negaron a súa responsabilidade e sobre o que o Goberno galego leva tapando os ollos durante oito anos.

Os niveis de contaminación detectados en agosto son recorrentes, neste caso denunciados pola Plataforma de Afectados pola mina de San Finx, pero que outros colectivos sociais deran a coñecer noutras ocasións e que agora se recoñecen expresamente pola Administración galega, a mesma que nunca antes actuou ao respecto e a mesma que procedeu a outorgar un expediente de autorización de vertidos a unha empresa que non é fiábel nin solvente.

Dende hai anos as sucesivas empresas concesionarias da explotación mineira trataron sempre de esquivar a súa responsabilidade de recuperación ambiental da contorna da mina, a súa responsabilidade sobre o importante problema que supoñen as balsas de residuos contaminantes, e sobre a súa obriga de realizar un estudo de impacto ambiental para ser avaliado por unha Administración da que partiu a iniciativa de non reclamárllelo nos últimos 14 anos.

Non é lóxico que, con esta serie de incumprimentos e cunha proba piloto máis que cuestionábel realizada pola empresa, a Xunta de Galiza lle vaia permitir verter sobre



CSV: REXISTRO-F1s7NLM5J-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 11:26:31
Nº Rexistro: 59003
Data envío: 05/09/2023 11:26:31.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o medio miles e miles de litros de auga con metais pesados e non teña os considere motivos máis que suficientes para paralizar a súa actividade e obrigala a restaurar o medio.

Non é lóxico que non se lle impoña ningún tipo de aval diante da relevancia dos vertidos que o Goberno galego quere permitir a esta empresa da que se coñece que conta cun capital social de 3.600 euros e que, de aconteceren danos aínda máis severos sobre o medio, resultaría totalmente imposíbel que lle fixese fronte.

E sobre todo non é lóxico que a unha empresa se lle permitan acometer accións concretas sobre unha explotación mineira, como pode ser a autorización de desaugar unha galería ateigada de metais pesados, antes de que se lle obrigue a asumir a súa responsabilidade sobre problemas de extrema importancia derivados da súa propia concesión e que supoñen un perigo extraordinario como é o caso da situación das balsas de residuos mineiros da mina de San Finx.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para evitar que se sigan producindo vertidos contaminantes de metais pesados da mina de San Finx, que poñen en risco a biodiversidade, a riqueza produtiva e a saúde das persoas da comarca de Muros e Noia?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG



CSV: REXISTRO-F1s7NLM5J-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2023 11:26:31
Nº Rexistro: 59003
Data envío: 05/09/2023 11:26:31.637

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 05/09/2023 11:18:09**

**Rosana Pérez Fernández  na data 05/09/2023 11:18:27**

CSV: REXISTRO-F1s7NLM5J-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.3 56721(11/POP-008783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao cumprimento pola empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados

*Publicación da iniciativa, 543, 11.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:20:26
Nº Rexistro: 56721
Data envío: 01/08/2023 10:20:26.690

<u>Á MESA DO PARLAMENTO</u>

**Leticia Gallego Sanromán**, **Patricia Otero Rodríguez** e **Eduardo Ojea Árias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno.**

A ruta de autobús interurbano Vigo-Baiona transporta viaxeiros de pé en determinados vehículos da liña. Esta decisión por parte da Administración autonómica non ten precedentes, permitindo que determinados autobuses transporten un máximo de 30 pasaxeiros no percorrido desta liña.

Segundo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade garantirá que esta medida non afecte á seguridade das persoas usuarias, xa que os autobuses con viaxeiros e viaxeiras de pé non poden circular a máis de 80 quilómetros por hora en autoestradas e a máis de 50 en vías interurbanas. Fontes oficiais aconsellan que toda a frota dispón dun seguro para os viaxeiros que cubriría os danos ocasionados en caso de accidente por caída durante a viaxe ou por outros motivos.

Moitos usuarios e usuarias quéixanse porque ir de pé nestes vehículos non lles dá seguridade. Non teñen suficientes elementos de suxeición para ir con estabilidade, ademais de ser unha distancia moi longa para ir de pé as persoas maiores. A solución que ten que poñer a Administración autonómica é reforzar as liñas, non que as persoas usuarias desta liña viaxen de pé.

No ano 2022 e no ano 2021 este grupo parlamentario, xa solicitou reforzar esta liña de autobuses debido ao incremento de viaxeiros e viaxeiras durante todo o ano, sendo na temporada estival cando é practicamente imposible viaxar en

CSV: REXISTRO-jFa8phiai-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

autobús na liña Vigo-Baiona por estar ocupadas todas a súas prazas. A contestación formulada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, foi a seguinte: "*O Plan de Transporte Público de Galicia garante estándares de calidade no que se refire, entre outros ámbitos, á limpeza ou ao cumprimento dos horarios. Estándares de calidade que lle son esixidos a todas as empresas concesionarias e cuxo cumprimento é obxecto de seguimento por parte da Dirección Xeral de Mobilidade*".

As melloras anunciadas unha e outra vez pola Xunta de Galicia non se están a cumprir. As persoas usuarias da ruta Vigo – Baiona quéixanse continuamente de que non se cumpren os horarios, fundamentalmente na época estival, non se reduciu o tempo e a maiores quedan nas paradas moitas persoas usuarias porque os vehículos non paran ao estar completo o seu aforo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Vai facer cumprir a Xunta de Galicia os horarios estipulados coa empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo- Baiona?

Parlamento de Galicia, 31 de xullo de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 31/07/2023 11:31:46**

**Patricia Otero Rodríguez na data 31/07/2023 11:31:59**

**Eduardo Ojea Arias na data 31/07/2023 11:32:15**

CSV: REXISTRO-jFa8phiai-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.4 59968(11/PUP-000362)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a información actualizada de que dispón a Xunta de Galicia respecto dos prazos para o funcionamento dos trens AVRIL en Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 18:09:59
Nº Rexistro: 59968
Data envío: 18/09/2023 18:09:59.307

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Jose Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Paez, Jose Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño** deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

**Xustificación da urxencia**

*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a posición do Goberno galego en relación con esta cuestión estratéxica para as infraestruturas galegas*

Todo parece indicar que terá lugar novo retraso na chegada dos trens Avril a Galicia, o que suporá un novo incumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno de España en relación coa posta en marcha da tecnoloxía que permitirán estender a alta velocidade ferroviaria máis alá de Ourense,

A día de hoxe, a liña Madrid-Galicia de alta velocidade non está aproveitando todo o seu potencial. As peculiares características da rede ferroviaria no noso territorio, o diferente ancho, impide nestes momentos que o AVE pase máis alá de Ourense privando ao resto das cidades galegas deste servizo ferroviario máis moderno e que ofrece uns menores tempos de desprazamento.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en Pleno.

Dispón a Xunta de Galicia de información certeira e concreta, trasladada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, sobre cando van estar en funcionamento os trens AVRIL?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 18/09/2023 18:07:37**

**Carmen María Pomar Tojo na data 18/09/2023 18:07:40**

CSV: REXISTRO-cJYISZZRj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 18:09:59
Nº Rexistro: 59968
Data envío: 18/09/2023 18:09:59.307

PARLAMENTO DE GALICIA

**Ramón Carballo Páez na data 18/09/2023 18:07:54**

**José Luis Ferro Iglesias na data 18/09/2023 18:08:11**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 18/09/2023 18:08:24**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 18/09/2023 18:08:52**

**María Belén Salido Maroño na data 18/09/2023 18:09:05**

CSV: REXISTRO-cJYISZZRj-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.5 57702(11/POP-009165)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que non rebaixar o IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo

*Publicación da iniciativa, 553, 31.08.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57702
Data envío: 17/08/2023 14:03:45.383

PARLAMENTO DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Paula Mouzo Mas, Manuel Santos Costa e María Elena Suárez Sarmiento** deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Ninguén no sector pesqueiro galego e español entendeu a decisión do Goberno de coalición ente PSOE e a esquerda radical de excluír aos produtos do mar do catálogo de alimentos que viron rebaixado o Imposto do Valor Engadido (IVE)

En xaneiro deste ano entrou en vigor esta medida que tiña por obxecto conter o impacto da inflación no peto dos fogares e que supuxo que determinados produtos como o pan ou o aceite viran rebaixado o seu IVE do 10 ao 5%, ou a supresión deste tributo en algúns alimentos esenciais, entre os que non incluíron os peixes, mariscos e conservas.

Desde o primeiro momento advertiuse que esta decisión do Goberno de Pedro Sánchez tería un impacto moi negativo no consumo dos produtos do mar e recentemente, un estudo da Comisión Nacional dos Mercados de da Competencia (CNMC) vén a corroborar este feito.

Así o peixe é a terceira categoría de alimentos máis afectada pola caída no consumo, un 9,1% menos en xaneiro -xusto tras a entrada en vigor da medida do Goberno Sánchez- fronte a un descenso global da cesta da alimentación do 1,8%

Por se isto non fora suficiente o estudo da CNMC acredita que como consecuencia do incremento dos prezos dos alimentos está a ter lugar un cambio nos hábitos de compra dos consumidores e establecementos como as peixerías máis tradicionais e do comercio local están a verse desprazadas polas grandes superficies e hipermercados.

Polo exposto, os deputados  e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Que valoración fai o Goberno galego en relación co estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que a non rebaixa do IVE nos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo?

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2023

CSV: REXISTRO-hawKs7SQK-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 57702
Data envío: 17/08/2023 14:03:45.383

PARLAMENTO DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/08/2023 13:54:13**

**José Manuel Balseiro Orol na data 17/08/2023 13:54:27**

**Paula Mouzo Mas na data 17/08/2023 13:54:39**

**Manuel Santos Costa na data 17/08/2023 13:54:54**

**Ana Belén García Vidal na data 17/08/2023 13:55:09**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 17/08/2023 13:55:29**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 17/08/2023 13:55:46**

CSV: REXISTRO-hawKs7SQK-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.6 59954(11/PUP-000361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da congruencia da defensa da cultura galega co rexeitamento do uso no Congreso dos Deputados do idioma galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 17:38:29
Nº Rexistro: 59954
Data envío: 18/09/2023 17:38:29.869

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Noa Díaz Varela**, deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta **oral en Pleno**.

**Xustificación da urxencia**. A urxencia vén xustificada pola insistencia de membros do Goberno galego e do presidente Alfonso Rueda na súa negativa a empregar o galego e demais linguas oficiais no Congreso das Deputadas e Deputados, ás portas do debate da reforma do Regulamento da Cámara baixa.

Por iso, a deputada que asina, pregunta:

Considera o Goberno do Sr. Rueda que opoñerse á utilización do idioma galego no Congreso das Deputadas e Deputados é defender Galicia e a súa cultura, como debería ser a súa obriga?

Parlamento de Galicia, 18 de setembro de 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 18/09/2023 17:31:57**

CSV: REXISTRO-YQHFl2g2F-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.7 58480(11/POP-009259)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega

*Publicación da iniciativa, 557, 07.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:11:35
Nº Rexistro: 58480
Data envío: 29/08/2023 10:11:35.390

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Noelia Otero Lago, Eduardo Ojea Arias** e **Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

As persoas mozas emancípanse aos 30,3 anos de media en España, a cifra máis alta do últimos vinte anos. A taxa de emancipación xuvenil no conxunto do Estado segue a ser un asunto sobre o que poñer atención prioritaria desde as distintas administracións. Son moitas as ocasións e iniciativas impulsadas desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia arredor da preocupante radiografía da mocidade galega en canto ás dificultades que padece á hora de se independizar. Esta incapacidade para acceder a unha vivenda ten consecuencias sociais e económicas e afecta directamente ademais ás esperanzas de atallar a fonda crise demográfica que padece a nosa comunidade. Galicia non conta nin contempla segundo teñen respondido desde o Goberno galego neste Parlamento, con ningún plan específico e ambicioso ou coa demandada posta en marcha dunha estratexia galega de emancipación. As e os socialistas galegos consideramos capital que desde a Xunta de Galicia se atenda sen máis dilación a situación da mocidade con medidas concretas e planificadas de xeito transversal que complementen as axudas á vivenda contempladas desde o Goberno do Estado como o Bono Alugueiro Mozo ou as partidas enmarcadas dentro do Plan Estatal de Vivenda enfocadas cara as e os máis novos.

Noutras comunidades como no País Vasco, teñen impulsado medidas como a Estratexia Vasca 2030 para favorecer a emancipación xuvenil enmarcada a conquerir o adianto na idade de emancipación como obxectivo estratéxico e unha prioridade de primeira orde. Así, a Estratexia Vasca 2030 para favorecer a

CSV: REXISTRO-FVBAoebVk-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

emancipación xuvenil ten como obxectivo reducir a idade media de emancipación aos 28 anos en 2030 e aumentar a taxa de emancipación a través de 10 proxectos tractores e 26 iniciativas complementarias, estruturados en 5 ámbitos: emprego, vivenda, renda, cohesión e resiliencia. Nos estamos a xogar o futuro do país e non podemos perder un minuto máis sen prestar atención ás dificultades socio económicas que padece a nosa mocidade, urxen medidas efectivas, transversais e o máis amplo consenso arredor deste asunto. A ausencia desta planificación necesaria provoca que a radiografía das persoas mozas sen emancipar fique estancada tal e como reflicten os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Mocidade de España. Segundo o mesmo, a finais de 2022 tan só o 15,7 % de todas as persoas mozas estaban emancipadas, unha cifra moi similar á de 2021 e 2020. Para poder pagar a entrada dunha vivenda, unha persoa nova debería ter aforrado un importe equivalente a 2,9 anos de salario e se quixese alugar unha vivenda libre, para empezar debería destinar por riba do 60 % do seu salario para cubrir a renda mensual. Iso, sumado aos 141 euros de media que custan de media as subministracións e servizos dunha vivenda sitúa a emancipación como algo completamente inasumible.

O mercado de alugueiro continuou encarecéndose durante a segunda metade de 2022 e o incremento do prezo medio de compra da vivenda fai que a opción de pagar unha hipoteca tampouco sexa moito mellor para as persoas mozas. A falta de políticas públicas de vivenda por parte do goberno da Xunta provoca graves consecuencias na poboación xeral e na mocidade en particular, urxe polo tanto que no marco das competencias propias en materia de vivenda que son todas poñer solucións de maneira estrutural os problemas principais da mocidade, como son a vivenda e o emprego e que provocan grandes problemas de saúde mental.

CSV: REXISTRO-FVBAoebVk-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2023 10:11:35
Nº Rexistro: 58480
Data envío: 29/08/2023 10:11:35.390

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ante o recoñecemento por parte da conselleira de Vivenda da problemática arredor dos datos de emancipación da mocidade galega en diversas ocasións neste Parlamento e nun contexto de aumento de prezos xeneralizado, de crise demográfica e perda de peso poboacional de xente nova, pensa impulsar o Goberno galego algún plan ou estratexia específica para mellorar os datos e favorecer un proxecto de vida independente e digno da nosa mocidade?

Pazo do Parlamento, 28 de agosto do 2023

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 29/08/2023 10:07:24**

**Eduardo Ojea Arias na data 29/08/2023 10:07:32**

**Patricia Otero Rodríguez  na data 29/08/2023 10:07:41**

CSV: REXISTRO-FVBAoebVk-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023 Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.8 59254(11/POP-009325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que prevé pór en marcha a Xunta e Galicia para garantir a actividade e o emprego na empresa Celsa Atlántic Laracha ante o proceso de reestruturación do grupo do que forma parte

*Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, 561, 13.09.2023*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:36
Nº Rexistro: 59254
Data envío: 11/09/2023 11:25:36.984

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Cristina Fernández Davila, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, Diego Lourenzo Moura, Carmela González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os pasos que debe dar o goberno galego e administracións locais ante o recente fallo do Xulgado de Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa, polos efectos que dito pronunciamento pode ter no mantemento da actividade e o emprego na factoría Celsa Atlantic Laracha.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada tralo fallo do Xulgado de Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Xulgado do Mercantil Nº 2 de Barcelona ditou fai poucos días a Sentenza 26/2023, que lles da a razón aos acredores fronte os aínda hoxe donos da mercantil siderúrxica Celsa. Dita sentenza avala o plan de reestruturación proposto polos



CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:36
Nº Rexistro: 59254
Data envío: 11/09/2023 11:25:36.984

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acredores, entre os que se atopan fondos como Deutsche Bank, Anchorage, Capital Group e Attesor Capital, e que supón que estes, após unha quita e unha refinanciación da débeda, tomen o 100% do capital desprazando aos propietarios actuais.

No momento actual, e tras ese fallo, a cuestión a dilucidar é se a operación precisa da autorización do consello de ministros, como mantén o executivo estatal, ou ben se non é necesario ese trámite, tal e como parecen valorar os acredores.

En calquera caso, máis aló das cuestións puramente xurídicas e de como se resolvan, o que está en xogo é a viabilidade futura da empresa e o mantemento do emprego nas factorías da siderúrxica.

Esta sentenza afecta directamente a un dos centros de traballo do Grupo, raidcado en Bergantiños, como é Celsa Atlantic Laracha. Unha empresa, Celsa Atlantic Laracha cunha planta na que traballan entre empregos directos e indirectos sobre 180-190 persoas, e que ademais, representa unha parte moi importante de volume do tráfico e mercadorías que operan no Porto de A Coruña.

A situación actual, despois do fallo do Xulgado do Mercantil, xera un escenario de gran incerteza sobre o futuro da planta de A Laracha e sobre o mantemento do emprego. Daí que o comité de empresa da factoría solicitase unha reunión de urxencia coa Consellería de Economía, Industria e Innovación, para acordar os pasos a dar para garantir o futuro da planta e o mantemento dos postos de traballo.

E dada a importancia que ten a planta de Celsa Atlantic Laracha no emprego a nivel de comarca, do peso específico da planta na actividade do Porto de A Coruña e no mantemento da puxanza amosado polo eixo industrial constituído polos polígonos industriais de Carballo, A Laracha e Arteixo e a súa conexión co Porto Exterior, é

CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:36
Nº Rexistro: 59254
Data envío: 11/09/2023 11:25:36.984

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso un posicionamento claro e unha actitude proactiva e coordinada do goberno galego e das administracións locais afectadas (nomeadamente, os concellos de Carballo e A Laracha) no mantemento da actividade e o emprego na factoría Celsa Atlantic Laracha.

Así as cousas, desde as administracións locais e desde o goberno galego faise imprescindible a adopción desa postura proactiva e coordinada na defensa da actividade produtiva e do emprego na fábrica de Celsa Atlantic Laracha.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que concretos pasos vai adoptar o goberno galego após a sentenza do Xulgado do Mercantil Nº 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa, para garantir a continuidade da actividade e o mantemento do emprego na planta de Celsa Atlantic Laracha?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Rosana Pérez Fernández**
**Cristina Fernández Davila**

CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Carmen Aira Díaz**

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Diego Lourenzo Moura**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2023 11:17:59**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/09/2023 11:18:30**

**Mercedes Queixas Zas  na data 11/09/2023 11:18:47**

**Rosana Pérez Fernández  na data 11/09/2023 11:18:55**



CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 11/09/2023 11:19:05**

**Daniel Pérez López  na data 11/09/2023 11:19:16**

**Iria Carreira Pazos na data 11/09/2023 11:19:26**

**Olalla Rodil Fernández  na data 11/09/2023 11:19:36**

**Daniel Castro García  na data 11/09/2023 11:19:45**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 11/09/2023 11:19:55**

**Noa Presas Bergantiños  na data 11/09/2023 11:21:26**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 11/09/2023 11:23:12**

**Xosé Luis Bará Torres  na data 11/09/2023 11:23:24**

**María Montserrat Prado Cores  na data 11/09/2023 11:23:33**

**Alexandra Fernández Gómez  na data 11/09/2023 11:23:41**

**Paulo Ríos Santomé  na data 11/09/2023 11:23:51**

**Carmela González Iglesias na data 11/09/2023 11:23:57**

**Cristina Fernández Davila na data 11/09/2023 11:24:05**

CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:25:36
Nº Rexistro: 59254
Data envío: 11/09/2023 11:25:36.984

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Diego Lourenzo Moura na data 11/09/2023 11:24:09**

CSV: REXISTRO-3fw62v1BM-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 26.09.2023        Hora: 10:00**

**Orde do día**

7.9 59941(11/PUP-000360)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen

Sobre os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galicia para lle facer fronte ao problema da avespa velutina

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59941
Data envío: 18/09/2023 16:14:41.604

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre as medidas de seguimento e control da vespa velutina.

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada entre a poboación por situacións como a morte dun apicultor no concello de Melón (Ourense), e a tardanza xeralizada da retirada dos niños de velutina, incumprindo o protocolo que determina o tempo máximo de espera.

**Exposición de motivos**

Xa se vén advertindo da expansión da vespa velutina nos últimos anos, advertimos tamén de xeito reiterado da necesidade de tomar medidas de prevención e control para a protección contra esta especie invasora. Esta proliferación ten graves consecuencias medioambientais e económicas, pero sobre todo no que se refire aos danos ás persoas, chegando en varios casos a causar a morte, como aconteceu este mesmo verán no concello de Melón, o que xustifica sobradamente a alarma da poboación.

CSV: REXISTRO-cDAaOgpsk-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59941
Data envío: 18/09/2023 16:14:41.604

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Precísase unha intervención urxente e activa da Xunta de Galiza para garantir o estrito cumprimento do convenio de retirada de niños e dos tempos que nel se sinalan xunto cos outros requisitos, de modo que se practique unha protección eficiente da poboación.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Como valora os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galiza para facerlle fronte á problemática xerada pola vespa velutina entre a poboación deste país?

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: REXISTRO-cDAaOgpsk-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59941
Data envío: 18/09/2023 16:14:41.604

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz  na data 18/09/2023 15:33:13**

CSV: REXISTRO-cDAaOgpsk-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/